

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TEO**

ANUNCIO da aprobación definitiva do Plan parcial SUND-12 área mixta terciaria/industrial Portoameneiro.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30 de xullo de 2025, acordou aprobar definitivamente o Plan parcial SUND-12 área mixta terciaria/industrial Portoameneiro, de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002155, do 3.7.2025 e nº 2828, do 4.7.2025), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado por Abtemas, S.L., e estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Alberto G. B., en nome propio e en representación de María Elena B. F., o 9.4.2024 (rex. entrada nº 202499900000984 e nº 202499900000985), en ambos os casos con base nas consideracións recollidas no número 3 do resumo executivo do Plan parcial. Dáse por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do citado plan parcial, de conformidade cos artigos 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e 86.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei (RLSG).

De acordo cos artigos 82.3 da LSG e 199.3 do RLSG, publícase no *Boletín Oficial* da provincia o documento que contén a normativa e as ordenanzas.

O acordo plenario que aproba definitivamente o Plan parcial, así como o texto do citado plan aprobado definitivamente, atópanse dispoñibles na sede electrónica do Concello de Teo:

https://sede.teo.gal/sxc/gl/informacion/tablon/2025/ANUNCIO_PROG_20251014133010089.html

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa e que aproba unha disposición de carácter xeral, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación, de acordo co disposto nos artigos 84.1 da LSG, 201.1 do RLSG, 112.3 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo,

CVE-DOG: b15xofp3-5www5-ej8-1dz5-vrfcots07i8



reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se considere procedente.

Teo, 14 de outubro de 2025

Lucía Calvo de la Uz
Alcaldesa

CVE-DOG: b15xofp3-5ww5-ej8-1dz5-vrfcqt07i8

